

COMUNICADO**MÁIS DO 70% DOS TRABALLADORES DE AMICOS EN BOIRO NEGA QUE EXISTA REPRESIÓN E ACOSO LABORAL**

Un documento asinado polo 75% dos traballadores de Amicos constata o desacordo da maioría do persoal coas afirmacións que a CIG verte, dende hai meses, sobre o “mal clima laboral de acoso” e “represión” no centro de atención a persoas con discapacidade de Boiro.

As sinaturas foron recollidas nas últimas semanas polos tres representantes sindicais de UGT -dos cinco que forman o comité de empresa- e poñen de manifesto o rexeitamento maioritario do persoal de Amicos ás afirmacións de supostas irregularidades que denuncia CIG, e á concentración que este sindicato convoca hoxe, 26 de marzo, na praza do Concello boirense, como protesta aos presuntos abusos laborais por parte da dirección da entidade.

Asemblea aberta

Nos últimos meses, o sindicato CIG emitiu varios comunicados nos que denunciaba un presunto clima de "terror laboral", acoso e incumprimento de convenio. Co fin de esclarecer a orixe do malestar laboral e coñecer de primeira man a información e a opinión das persoas traballadoras de Amicos, os tres delegados de UGT convocaron o pasado 26 de febreiro unha asemblea aberta a todo o persoal da empresa. Traballadores asistentes propuxeron nese encontro a redacción dun escrito que pedía a CIG a

rectificación pública das súas acusacións, por considerar que ese sindicato non estaba a reflectir a realidade laboral con obxectividade. Este primeiro escrito foi asinado por 19 dos 21 traballadores asistentes á asemblea, misiva que se trasladou a CIG coa intención de iniciar un diálogo. Con todo, a resposta de CIG aos delegados da UGT foi inexistente. Posteriormente, CIG convocou a concentración na praza do Concello de Boiro que será esta tarde ás 19:30 horas na praza do Concello.

Tras coñecer a iniciativa da concentración, convocouse unha reunión extraordinaria do comité, da que xurdiu a firma dun segundo documento en desacordo coa concentración de hoxe e, de novo, de rexeitamento ás afirmacións de supostas irregularidades laborais descritas por CIG nos últimos meses. Actualmente, no Centro Integral de Amicos de Boiro traballan aproximadamente 80 empregados nas distintas áreas que conforman a entidade e, ata a data, un 75% das persoas traballadoras asinaron estar en desacordo coa actuación de CIG.

Compromiso cun ambiente laboral digno e respectuoso

Como parte maioritaria do Comité de empresa de Amicos de Boiro, os delegados da UGT manifestan que o benestar laboral das compañeiras e compañeiros é unha prioridade

e que é fundamental abordar calquera situación de maneira responsable, con base, con feitos contrastados. Por iso, ínstase a CIG a actuar con rigor e a non difundir informacións que non reflicten a realidade

do conxunto dos traballadores de Amicos. Os delegados da UGT reiteran o compromiso cumprimento da normativa laboral e co mantemento dun ambiente de traballo digno e respetuoso para todos/as.

Asinan o comunicado:

Juan Gabriel Rodríguez Villar (Presidente Comité de Empresa Amicos de Boiro - UGT)

Rosa Santos (Secretaria Comité de Empresa Amicos de Boiro - UGT)

Marta Besada (Delegada Comité de Empresa Amicos de Boiro - UGT)